

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE XULLO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de xullo de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E ASUNTOS XERAIS.- Aprobouse a contratación da obra “Demolición de las antiguas edificaciones existentes y acondicionamiento de terrenos en el ámbito de NRF de A Croa”. Exp. Ref. 2021-C002-000003. Adxudicación.

Aprobouse a contratación da realización de actividades extraescolares nos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Lugo. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de adxudicación. Expte. Ref. 2021/C003/000032.

Aprobouse a contratación da prestación do servizo de centro de día “Novo Antonio Gandoy”, de atención a persoas maiores. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2021/C003/000021.

Aprobouse a contratación da obra “Renovación de instalación de alumado público rúa Montirón e rúa Mapoula (tramo comprendido entre rúa San Roque e Ronda das Mercedes)”. Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2021-C002-000044.

Aprobouse a contratación do servizo de vixilancia do Parque de A Milagrosa (Lugo). Expte. Ref. 2021-C003-000012. Adxudicación.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cal

Refª: ispac7572356555183527925.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-7-2021

Así mesmo aprobouse a contratación da explotación do servizo de cafetería no Centro de Convivencia de Fingoi, sito na rúa Aviación Española. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares. Adjudicación por procedemento aberto. Apertura de procedemento de adjudicación. Exp. Ref. 2021-C005-000028.

2. FOMENTO.- Aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e o Concello de Foz para a cesión temporal a este Concello do vehículo "Camión IPV", con matrícula LU-4408-H declarado efecto non utilizable.

3. FACENDA LOCAL.- Aprobáronse as seguintes solicitudes de bonificación: unha do 50% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras pola declaración de especial interese ou utilidade municipal das novas construcións para ampliación de explotación de vacún de leite existente, en Cainzos (Lamas), 1 e a outra do 95% da cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola declaración de especial interese ou utilidade municipal municipal das obras de construción de edificio para central de biomasa e instalación fotovoltaica para autoconsumo no Complexo Administrativo do Antigo Hospital Xeral de Lugo na rúa Serra de Outes, 31.

4. PERSOAL.- Aprobouse a modificación do acordo 5/584 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 11 de novembro de 2020, aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de arquivado/a pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OEP 2020).

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

5. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Aprobáronse as licenzas para reforma do portal e do primeiro tramo da escaleira para mellorar a accesibilidade ó ascensor en edificio de vivendas sito na Rúa Castelao, número 42. (Expte: 2021/Y001/000059); para construción dunha nave de planta baixa dividida en 10 módulos de uso industrial sen actividade definida, na Rúa Leopoldo Hernández Robredo números 12-14 (Vial H, Parcela E.1.3) Parque Empresarial das Gándaras. Expte: 2020/Y001/000372; para construción dunha nave de planta baixa dividida en 8 módulos de uso industrial sen actividade definida na Rúa Leopoldo Hernández Robredo números 6-8-10 (Vial H, Parcela E.1.2) Parque Empresarial das Gándaras. (Expte: 2020/Y001/000371); para instalación de ascensor no edificio de vivendas sito na Rúa Baluro, número 12, (2021/Y001/000115) e para restauración do lenzo entre os cubos XXX-XXXI da Muralla Romana de Lugo.

- Denegáronse as licenzas para a reestructuración para uso de oficina, das unidades edificatorias 130201 e 130202, que se agregan, na Praza do Ferrol, números 12 e 13. (Expte: 303/14); a de demolición interior (vaciado), das unidades edificatorias 130201 e 130202, na Praza do Ferrol números 12 e 13. (Expte:

206/16) e a de ampliación e reforma integral de vivienda unifamiliar en ringleira, na Rúa Carpaza, número 6. (Expte: 2020/Y001/000221).

ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

6. DROGODEPENDENCIA.- Aprobouse o IV Plan Municipal de drogas e outras adiccións comportamentais 2021-2025.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.